



Concello de MUXIA

## BASES de ConciliaMux Verán do CONCELLO DE MUXIA. 2025/2026

O programa “ConciliaMux” é un servizo de coidado e atención que ofrece atención, de carácter lúdico, social e educativo, para favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal das persoas que cursen ensinanzas de 2 ciclo de educación infantil (3 a 6 anos) e educación primaria (6 a 12 anos).

### 1.-OBJECTO

O obxecto desta convocatoria é regular as bases para a participación no programa “ConciliaMux: Verán”, destinadas a familias con menores que cursen ensinanzas de 1ºciclo de educación infantil(3 a 6 anos) e educación primaria (6 a 12 anos) e que cumpran os requisitos establecidos na presente convocatoria.

### 2.-PERSONAS BENEFICIARIAS

A poboación destinataria do servizo ConciliaMux Verán son as familias con menores que cursen ensinanzas de 1ºciclo de educación infantil(3 a 6 anos) e educación primaria (6 a 12 anos) e que cumpran os requisitos establecidos na presente convocatoria.

### 3.-LUGAR, PRAZAS OFERTADAS, PERÍODO DE REALIZACIÓN E HORARIO:

#### 3.1 Lugar e prazas ofertadas:

PERIODO	DÍAS NON LECTIVOS	PRAZAS OFERTADAS
Verán	56	60

A asistencia realizarase por quendas:

Asistencia por quendas. Marcar nas que queira participar:

1ª quenda: do 22 ao 30 de xuño

2ª quenda: do 1 ao 15 de xullo

3ª quenda: do 16 ao 31 de xullo

4ª quenda: do 3 ao 14 de agosto

5ª quenda: do 16 ao 31 de agosto

6ª quenda: do 1 de setembro ao día anterior inicio curso

escolar.

Reservarase un 5% das prazas para familias en situación de vulnerabilidade previo informe de servizos sociais.

A alcaldía e a concellería competente poderá decidir a suspensión do servizo no caso de que non se cubran o 25% das prazas ofertadas, neste caso comunicarse inmediatamente ás persoas responsables do menor tal feito

As actividades desenvolveranse nas instalacións municipais destinadas a tal efecto.

#### 3.2 Período de realización e horario:

O período de realización coincide desde o 22 de xuño ao día anterior ao inicio do curso escolar , en horario de 8.00 a 15.00 horas.

A recepción dos/as participantes poderá realizarse de 8.00 a 9.30.

Terán unha franxa horaria mínima obrigatoria de asistencia comprendida entre as 10.00 e as 13.30 horas. As solicitudes de participación no período de Verán serán polos días de duración do mesmo.

#### 4.-PREZOS E FORMA DE PAGAMENTO

A prestación do servizo conleva o abono dun prezo público por importe de 16€.

As cotas pola prestación deste servizo aplicaranse conforme ao previsto no Prezo Público pola asistencia ao Programa ConciliaMux Verán. Consultar bonificacións no concello.

Unha vez publicada a listaxe definitiva de crianzas admitidas e no prazo máximo de cinco días as persoas solicitantes deberán realizar o pagamento correspondente do prezo público que conleva o servizo.

No caso de non presentar dita documentación, enténdese que renuncia á praza asinada.

Deberá facerse o ingreso por cada crianza indicando o nome do/a participante e o pago da actividade: ConciliaMux Verán.

O pago poderá realizarse, mediante ingreso, nas contas que o Concello de Muxía ten coas seguintes entidades bancarias:

SANTANDER: ES27 0030 6114 7003 7510 0273

ABANCA: ES54 2080 0078 4931 1000 0105

#### 5.-CRITERIOS DE VALORACIÓN

No caso de que as solicitudes excedan o número de prazas ofertadas, deberá considerarse como criterio preferente e non excluínte o nivel de renda das persoas solicitantes, agás nos casos debidamente xustificadas.

As solicitudes serán valoradas en base aos seguintes criterios:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
<b>1. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR</b>	
Familias monomarentais ou monoparentales (acreditado documentalmente)	2
Familias numerosas (acreditado documentalmente)	2
Vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller (acreditado documentalmente)	1
Discapacidade igual ou superior ao 33% ou dependencia do/a menor participante (acreditado documentalmente)	3
Unidades familiares nas que existan outras responsabilidades relacionadas cos coidados (acreditado documentalmente)	3
Calquera outra situación na unidade familiar que implique risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral (acreditada mediante informe emitido polos Servizos Sociais).	3
<b>2. SITUACIÓN LABORAL</b>	
Unidades familiares nas que ambos proxenitores/titores/acolledores teñan relación laboral en horario laboral coincidente co desenvolvemento da actividade. Nos casos de separación, divorcio ou familias monomarentais ou monoparentais este requisito será esixible ao proxenitor que teña a garda e	6

custodia. Inclúese neste epígrafe a asistencia a cursos de formación impartidos para persoas desempregadas nas distintas administracións públicas; e/ou promesa de contrato de traballo con compromiso de acreditar o contrato de traballo ao inicio do programa.	
<b>3.SITUACIÓN ECONÓMICA*</b>	
En base á Renta per Cápita (RPC) mensual da unidade familiar (ingresos do ano 2024):	4
a. Inferior ou igual a 200€	
b. Superior a 200€ e inferior ou igual a 500€	3
c. Superior a 500€ e inferior ou igual a 1000€	2
d.Superior a 1000€ e inferior ou igual a 2000€	1
e.Superior a 2000€	0

\*A situación económica valorarase calculando a suma da base impositiva xeral e a base impositiva do aforro da declaración do IRPF do último exercicio fiscal dispoñible( Renda 2024). A cifra resultante dividirse polo número total de membros da unidade familiar para obter a renda per cápita anual.

#### 5.1 Documentación obrigatoria

En todas as solicitudes se deberá presentar a seguinte documentación obrigatoria:

-**Solicitud** asinada para a convocatoria ConciliaMux Verán(**Anexo I**).A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

-**Declaración responsable** de aceptación de condicións de participación. (**Anexo II**)

-**Libro de familia** completo ou documento equivalente que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa solicitante, a documentación xudicial ou administrativa que acredite dito vínculo:

No caso de existir un só proxenitor, deberá presentarse o libro de familia completo, acompañado, se é o caso, do certificado de defunción do outro proxenitor.

No caso de que a garda do solicitante se exerza ou se atribúa a un só proxenitor, será necesario presentar copia da sentenza ou acordo regulador aprobado xudicialmente que acredite esta circunstancia e no que se establezan as medidas paterno-filiais.

No caso de existir impago da pensión de alimentos, demanda/resolución de impago de pensión alimenticia.

-Xustificante dos **ingresos dos membros da unidade familiar** ( RENDA 2024):

- declaración da renda conxunta, ou no seu caso, individual de cada un dos proxenitores
- ou certificación de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria.

Se non está obrigado a facer a declaración da renda poderá presentar:

- Certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
- Certificado ou resolución da entidade correspondente, no que figure a prestación económica, especificando a contía, ou de que non é persoa perceptora, de ser o caso.

-As persoas profesionais autónomas acreditarán os pagamentos fraccionados do ano correspondente.

-Cando se produzan causas sobrevenidas que afecten aos recursos da unidade familiar é preciso un informe social, así como nos casos en situación de vulnerabilidade que non podan acreditar as rendas.

De ser o caso:

-**Familias monomarentais ou monoparentais:** certificado emitido pola Xunta de Galicia.

-**Vítimas de violencia de xénero:** documentación acreditativa.

-**Unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados:** resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe de servizos sociais que acredite dita

situación; certificación do grao de discapacidade ou de dependencia da persoa participante, no seu caso.

-**Familia numerosa**: copia do título de familia numerosa.

-**Informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais** que valore a situación de risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral.

-**Informe de vida laboral**, ou certificado de servizos prestados, ou promesa de contrato acreditada( debendo entregar copia do contrato laboral ao inicio do servizo), ou acreditación da formación que estea a realizar.

-**Xustificante de matrícula** no centro educativo ou outra documentación acreditativa da asistencia, no caso de novas incorporacións.

-Si marca a casilla de intolerancias, alerxias ou calquera outro problema de saúde que sexa necesario ter en conta polo monitorado: **informe médico**.

Os criterios de valoración deberán cumprirse na data de presentación de solicitudes, só serán valorados documentos con data anterior ou igual ao de finalización do período de presentación da solicitude.

## 6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

### 6.1 Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

As persoas participantes deberán presentar por escrito a solicitude e a declaración responsable( ANEXO I e ANEXO II), asinado pola persoa solicitante(pai/nai/titor/ora) acompañados pola documentación obrigatoria e, no seu caso, da outra que corresponda obxecto de baremación.

Os impresos serán facilitados no departamento de Igualdade( CIM), nas oficinas municipais ou poderase acceder a eles a través da páxina web municipal.

As solicitudes rexistraranse nos seguintes prazos:

**Verán: Desde o 22 de xuño ao día anterior ao inicio do curso escolar.**

As solicitudes presentaranse no rexistro do Concello de Muxía, a través da sede electrónica ou por calquera medio recollido no artigo 16.4 da Lei 30/2015, de 1 de outubro e demais normativa de desenvolvemento.

## 7.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A adxudicación das prazas realizarase de acordo cos criterios establecidos nas presentes bases, atendendo á puntuación obtida segundo o **apartado 5. Criterios de valoración**.

Terán prioridade aquelas solicitudes presentadas dentro do prazo establecido e que acheguen toda a documentación requereda.

En caso de empate na puntuación, terase en conta a orde de entrada no Rexistro Xeral da solicitude como criterio de desempate.

### 7.1-Listaxe de agarda

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas disponibles, xerarse unha lista de agarda ordenada pola puntuación obtida e, en caso de empate, pola orde de entrada no rexistro.

De producirse baixas no programa, iranse cubrindo as prazas vacantes coas persoas que figuren por orde na listaxe de agarda.

### 7.2. Solicitudes fora de prazo ordinario

As solicitudes presentadas fóra do prazo ordinario poderán ser atendidas sempre que:

- a) Existan prazas vacantes
- b) Non exista lista de agarda pendente

Estas prazas cubriranse por orde de entrada no rexistro, sempre que cumpran os requisitos de acceso establecidos.

## 8.-PUBLICACIÓN

A listaxe de admisión será publicada na páxina web do Concello de Muxía.

## 9.-DEREITOS E DEBERES

Considéranse persoas usuarias do servizo tanto os responsables do/a menor como o propio menor.

9.1 Son **dereitos** das persoas usuarias:

-O acceso ao servizo segundo os requisitos e condicións que establece esta convocatoria e a normativa de desenvolvemento desta, sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

-A consideración debida no trato, tanto por parte do persoal monitorado coma dos demais usuarios/as.

-A protección dos seus datos persoais de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

-A darse de baixa no servizo por vontade propia.

-A dispor de información comprensible sobre o funcionamento do servizo e de canto afecte ao coidado do menor.

9.2 Son **deberes** das persoas usuarias:

-Presentar a solicitude e a documentación complementaria nos prazos establecidos ao efecto e mediante os modelos de formularios aprobados pola concellería competente.

-Facilitar unha información veraz e manter actualizados os datos necesarios para a alta e permanencia no servizo.

-Cumprir as normas de funcionamento do servizo e demais disposición vixentes que sexan de aplicación.

-Manter e observar unha conduta inspirada no respecto mutuo, tolerancia e colaboración encamiñada a facilitar unha boa convivencia.

-Respectar a dignidade e as funcións do persoal monitorado así como ao resto de usuarios/as.

-Responsabilizarse daquelas situacións en que, por motivos de saúde ou malestar, o menor teña que ser recollido do servizo.

-Comunicar a baixa cando proceda ou as inasistencias ao servizo.

-Facer un uso responsable das instalacións e o material utilizado.

-Estar ao día no pagamento do prezo público establecido.

## 10.-NORMAS DE FUNCIONAMENTO:

a)As crianzas que acudan ao servizo non deben ter ningunha enfermidade infecto- contaxiosa, nin tampouco febre e/ou vómitos.

b)As/os monitoras/es non administrarán ningún tipo de medicamento, salvo estrita prescrición médica que xustifique facelo no horario do programa, a cal detallará o tipo de medicación, cantidade e modo de consumo. Todo o anterior deberá ser avalado mediante informe médico.

c)Os horarios de entrada e saída deben respectarse en todo momento, coa finalidade de non interromper as actividades unha vez comezadas, polo que se prega a maior puntualidade posible.

Terán unha franxa horaria mínima obrigatoria de asistencia comprendida entre as 10.00h e as 13.30 horas.

d)A entrega e recollida das crianzas farase na entrada do recinto ou onde o persoal o indique.

f)No caso de algunha emerxencia médica, comunicarse inmediatamente á familia, a través dos teléfonos de contacto que consten na solicitude. No caso de que a emerxencia fose grave, avisaríase primeiramente, ós servizos médicos de urxencias

## 12.-BAIXA NO PROGRAMA

Serán motivos de baixa no programa:

1.- Renuncia voluntaria do beneficiario/a segundo o modelo normalizado ANEXO IV

2.-A falsidade ou omisión dos datos facilitados.

3.-Cando se extinga a situación económica, familiar ou social que deu lugar á concesión do servizo.

4.- A non presentación de todos os documentos esixidos e solicitude incompleta.

5.-A non incorporación ao servizo sin causa xustificada.

6.-A inasistencia sin causa xustificada, continuada ou discontinua, durante máis do 20% da totalidade do servizo.

7.- O incumprimento das normas de funcionamento do servizo.

O Concello de Muxía resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva do servizo aos menores que se comporten de forma incorrecta ou cuxos responsables non respecten as normas de funcionamento do mesmo.

En todo caso, daráselle audiencia ás persoas responsables dos/as menores.

### 13.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do consello de 27 de abril de 2016(Regulamento Xeral de Protección de Datos Persoais), INFÓRMASE que os datos persoais facilitados no formulario de inscrición serán tratados polo Concello de Muxía coa finalidade de xestionar adecuadamente as solicitudes para participar no programa “CONCILIAMUX”, e para manter o contacto cas nais/pais ou titores/oras legais das/os participantes. Este tratamento de datos persoais é necesario para que o Concello poida cumprir coas competencias atribuídas pola Lei 7/85, de 2 de abril. Reguladora das Bases de Réxime Local. Os seus datos non serán comunicados a terceiros, agás obriga legal. Igualmente, infórmase que poderá exercer os seus dereitos ante o responsable do tratamento.

INFORMACIÓN ADICIONAL		
<b>RESPONSABLE DO TRATAMENTO</b>	Concello de Muxía	Datos de contacto do responsable: Concello de Muxía. Enderezo: Rúa Real, 35 CP 15124 Muxía( A Coruña). Teléfono 981742001
<b>FINALIDADE DO TRATAMENTO</b>	Participación no programa “ConciliaMux”.	Prazo de conservación: os datos pasarán a formar parte dun expediente administrativo, o cal deberá ser conservado durante o tempo que se estableza nas distintas disposicións legais e regulamentarias.
<b>LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO</b>	Consentemento	Base xurídica do tratamento: art.6.1 do regulamento xeral de protección de datos
<b>DESTINATARIOS/AS</b>	<u>Cesións previstas:</u> os datos poderán ser obxecto de tratamento ou acceso por terceiros coas que o concello ten asinado os correspondentes contratos de Encargados de Tratamento. <u>Transferencias a terceiros países:</u> Non se transferirán datos a terceiros países se n o seu consentemento, agás obriga legal.	
<b>DEREITOS</b>	Acceso, rectificación, supresión, portabilidade e oposición sobre os datos persoais que lle conciernen así como á limitación do tratamento.	Cómo exercer os seus dereitos: poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento dirixíndose ao responsable do tratamento, a través da sede electrónica do concello ou presencialmente nos

		lugares e registros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Dereito a reclamar: ante a Axencia Española de Protección de datos(AEPD) C/Jorge Juan, 6. 28001 Madrid. Con carácter previo á presentación dunha reclamación ante a AEPD, pode dirixirse ao Delegado de Protección de Datos do Concello de Muxía.
--	--	---

En Muxía, na data da sinatura dixital  
Asdo. Aurelia Picallo Merlán  
Concelleira de Igualdade